

ACTA NÚMERO: 46/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 4 de decembro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de novembro de 2025 (Reunión 45/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa "La Voz de Galicia, S.A." no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068238).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa "Radio Pontevedra, S.A." no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025067486).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2024067190).
5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025057071).
6. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)". (Expte.- 2024081885).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación de servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación de servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).

FORA DA ORDE DO DÍA:

Asunto: Dar conta do resultado alcanzado na poxa celebrada para o Alleamento, mediante poxa pública, de gando vacún da Finca Mouriscade (exp. 2025061708)

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de novembro de 2025 (Reunión 45/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 27 de novembro de 2025 (Reunión 45/2025).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa “La Voz de Galicia, S.A.” no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068238).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de “La Voz de Galicia, S.A.” para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a “La Voz de Galicia, S.A.” (CIF A15000649), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 11/11/2025.

A empresa La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	169.421,49 €
IVE (21 %)	35.578,51 €
Importe ofertado con IVE	205.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa “La Voz de Galicia, S.A.” (CIF A15000649), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.



3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa “Radio Pontevedra, S.A.” no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025067486).*

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Radio Pontevedra, S.A. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 11/11/2025.

A empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	111.570,25 €
IVE (21 %)	23.429,75 €
Importe ofertado con IVE	135.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2024067190).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025007913 de data 30 de setembro de 2025, aprobouse o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da concesión demanial dun espazo no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para a explotación do servizo de cafetería-restaurante.

O anuncio de licitación desta concesión publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data as bases que rexerán a concesión e o prego de prescricións técnicas.



A presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 06/11/2025 procedeu á electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- NEAPOLIS FD, S.L. (C.I.F.: B16892184).
- PEPE VIEIRA, S.L.U. (C.I.F.: B36457224)

A Mesa de Contratación na reunión do día 6 de novembro de 2025 tamén procedeu á efectuar a apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Museo de Pontevedra para que procederan e emitir o correspondente informe de valoración da mesma.

A Xefa de Xestión do Museo Provincial, Dona María Cruz Farto Justo con data 12 de novembro de 2025, emitiu o correspondente informe (CSV: CZG5WGNXMC0IVHDH) relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

	CONCEPTO GASTRONÓMICO, IDENTIDADE DE MARCA, INTEGRACIÓN PATRIMONIAL E DESEÑO DE ESPAZOS (ata 35 puntos)			RECURSOS HUMANO E INNOVACIÓN NO SERVIZO (ata 10 puntos)	ESTUDO DE MERCADO, ESTRATEXIA E VIABILIDADE (ata 4 puntos)	TOTAL
	Calidade da experiencia (máx. 15 Puntos)	Deseño restaurante (máx. 10 puntos)	Deseño terraza (máx. 10 puntos)			
PEPE VIEIRA, S.L.U	14,00	9,50	9,50	9,00	4,00	46,00
NEAPOLIS FD, S.L.	6,00	7,00	7,00	6,00	1,50	27,50

A Mesa de Contratación na reunión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2025, en base ó informe emitido pola Xefa de Xestión do Museo Provincial, Dona María Cruz Farto Justo con data 12 de novembro de 2025, (CSV: CZG5WGNXMC0IVHDH), acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas na documentación técnica dos sobres “B” polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a adxudicación da concesión demanial dun espazo no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para a explotación do servizo de cafetería-restaurante.

A Mesa de Contratación na reunión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2025 tamén procedeu a apertura dos sobres “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que acadaron o 50% da puntuación máxima asinable na documentación avaliable mediante xuízos de valor (24,50 puntos).

Os valores ofertados nos sobres “C” polas empresas foron os seguintes:



- NEAPOLIS FD, S.L. (C.I.F.: B16892184)

- 1. Incremento do Canon mínimo anual:

Importe ofertado, sen IVE	34.710,74 €
IVE (21%)	7.289,26 €
Importe total ofertado, co IVE	42.000,00€

- 2. ☒ Compromiso da aplicación no obxecto da concesión dun sistema de calidade UNE 167013/Q CALIDAD ou equivalente.

- PEPE VIEIRA, S.L.U. (C.I.F.: B36457224)

- 1. Incremento do Canon mínimo anual:

Importe ofertado, sen IVE	26.000,00 €
IVE (21%)	5.460,00 €
Importe total ofertado, co IVE	31.460,00 €

- 2. ☒ Compromiso da aplicación no obxecto da concesión dun sistema de calidade UNE 167013/Q CALIDAD ou equivalente.

De conformidade co establecido nas bases reguladoras do proceso convocado para a adxudicación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial dun espazo no edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para explotación do servizo de cafetería-restaurant, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

EMPRESA	INCREMENTO DO CANON MÍNIMO ANUAL (ata un máximo de 26 puntos)	COMPROMISO DA APLICACIÓN NO OBXECTO DA CONCESIÓN DUN SISTEMA DE CALIDADE UNE 167013/Q CALIDAD OU EQUIVALENTE (ata 25 puntos)	TOTAL
PEPE VIEIRA, S.L.U. B36457224	11,90	25,00	36,90 Puntos
NEAPOLIS FD, S.L. B16892184	26,00	25,00	51,00 Puntos

A Mesa de Contratación acorda:



1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a adxudicación da concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	PEPE VIEIRA, S.L.U (B36457224)	46,00	36,90	82,90
2ª	NEAPOLIS FD, S.L. (B16892184)	27,50	51,00	78,50

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, cunha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a adxudicación da concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, á empresa, PEPE VIEIRA, S.L.U (B36457224), por alcanzar a máxima puntuación de conformidade cos criterios establecidos nas bases reguladoras do proceso convocado para adxudicación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial dun espazo no edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para explotación do servizo de cafetería-restaurante, de acordo co seguinte detalle:

1. Incremento do Canon mínimo anual:

Importe ofertado, sen IVE	26.000,00 €
IVE (21%)	5.460,00 €
Importe total ofertado, co IVE	31.460,00 €

2. A empresa PEPE VIEIRA, S.L.U oferta o compromiso da aplicación no obxecto da concesión dun sistema de calidade UNE 167013/Q CALIDAD ou equivalente.

5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025057071).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009103 de data 12 de novembro de 2025,



aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra *“Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á efectuar a desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Os membros da Mesa de Contratación comprobaban que se levou a cabo a desenscriptación da documentación pero non se chegou a facer efectiva a descarga da documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas, motivo polo que a Presidenta e demais membros da Mesa de Contratación ante a imposibilidade material de poder efectiva a mesma acordan que se continúe co seguinte punto da orde do día desta reunión e que se inclúa esta apertura dos sobres únicos da obra *“Mellora de seguridade viaria e drenaxe lonxitudinal na E.P. 0018 Xeve-Amil-A Espedregueira, dende o P.Q. 1+930 ao P.Q. 2+130 (Concello de Pontevedra)”* na orde do día da próxima reunión que celebre a Mesa de Contratación.

6. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)”. (Expte.- 2024081885).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009030 de data 10 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra *“Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de novembro de 2025.



Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as ofertas presentadas polas seguintes empresas:
 - BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
 - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
 - NAROM, S.L.
 - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
 2. Non admitir a oferta da empresa, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., por figurar a mesma presentada fóra do prazo establecido ao efecto.
 3. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
- 7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación de servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).***

O Secretario da Mesa de Contratación comenta que o prazo de presentación de ofertas terminou o día 2 de decembro de 2025 ás 10,00 horas, pero cunha empresa o último día de prazo ás 12 horas 15 minutos, a través dun correo electrónico enviado ao Servizo de Contratación, pon de manifesto que debido a unha "incidencia técnica grave" na Plataforma de Contratación do Sector Público non se lle permitiu efectuar a firma electrónica da súa oferta e por ese motivo non puido realizar o envío da oferta en tempo en forma.



Ante este feito a Presidenta a Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día para poder solicitar informe á Plataforma de Contratación do Sector Público sobre a incidencia a que fai referencia unha empresa interesada en participar neste procedemento aberto.

8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación de servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380)*

A Presidenta da Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día para poder solicitar informe á Plataforma de Contratación do Sector Público sobre a incidencia a que fai referencia unha empresa interesada en participar neste procedemento aberto, a través dun correo electrónico enviado ao Servizo de Contratación, no que pon de manifesto que debido a unha "incidencia técnica grave" na Plataforma de Contratación do Sector Público non se lle permitiu efectuar a firma electrónica da súa oferta e por ese motivo non puido realizar o envío da oferta en tempo en forma.

FORA DA ORDE DO DÍA, e previa aprobación, por unanimidade dos membros da Mesa de Contratación, da declaración de urxencia, tratouse o seguinte asunto:

Asunto: *Dar conta do resultado alcanzado na poxa celebrada para o Alleamento, mediante poxa pública, de gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2025061708)*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2025008089, do día 7 de outubro de 2025, aprobouse o expediente para o alleamento, mediante poxa pública, de gando vacún da Finca Mouriscade, establecendo un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes de participación.

O anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 201 de data 21 de outubro de 2025, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de outubro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación, publicouse a data de celebración da poxa no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, quedando os licitadores convocados para o día 3 de decembro de 2025, ás 11 horas, na Finca Mouriscade.

Con data 3 de decembro do 2025 reúnese o equipo técnico responsable para a celebración da poxa e, como se reflicte na correspondente acta (CSV: 84XL6LPWXYOFMMIW), a Secretaria do equipo técnico informa que a licitación dos lotes realizarase baixo a modalidade de "poxa á llana", convidando os licitadores a manifestar as súas posturas; a primeira das cales deberá cubrir, como



mínimo, o prezo de saída do lote. O incremento das ofertas polos lotes que realicen os licitadores deberá facerse de viva voz, alzando o cartel co seu número de identificación.

Por motivos sanitarios e/ou de baixa dos animais, retiráronse os lotes 8, 9, 11 e 23.

Os licitadores resultan os seguintes:

Gandería	DNI/CIF	Núm. identificativo	Asistencia
Gandeiría Rielo, S.C.	J36564086	1	SI
Ganadería Sabugueiro, S.C.	J94170669	2	NON
Alberto Rielo Fernández	44092484N	3	SI
Gandería Midon, S.C.	J36509818	4	SI
Brais Oro García	49403787V	5	SI
Diego Iglesias Iglesias	76934681A	6	NON
Gandería Iglesias Ferradas, S.C.	J36553519	7	SI
Pena-Guisande, S.C.	J27335983	8	SI
Casa Piñeiro, S.C.	J27476704	9	SI
Ganadería Caxide, S.C.	J19439595	10	SI
Ganadería López Gallego, S.C.	J94065844	11	SI
José Ojea Reboredo	77403843B	12	SI
Ganadería Cazador, S.L.	B70796198	13	NON
A Campaza, S.C.	J27281443	14	NON
María Carmen Díaz López	34255775N	15	NON
Milagros Parada Bujan	33323669G	16	SI
Ana María Valladares Vilar	76815534L	17	SI
Ganadería Simval, S.C.	J94096492	18	SI
Ganadería Clam, S.L.	B36427482	19	SI
Gandería Louzao, S.C.	J94000387	20	SI
Finca Ferradas, S.C.	J36556116	21	SI
Casa Farruquino, S.L.	B36511046	22	SI
Carlos Turnes Romero	78809947X	23	SI
Casa Roke, S.C.	J27434844	24	SI
Carriento, S.C.	J36519171	25	SI
Gandería Pardo, S.C.	J36480754	26	SI
Fraga, S.C.	J94004082	27	SI
Casanova Holstein, S.L.	B27517267	28	SI
Pedrolas S.A.T. Nº1026 XUGA	V27244557	29	SI
Antonio Fernández Pereira	33335463E	30	NON
Albel Fernández Dopico	33552064D	31	SI

A continuación, a Presidenta do Equipo Técnico declara aberta a licitación e comeza a poxa, co seguinte resultado:



LOTE	Vaca	Crotal	Prezo de saída (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de saída (co IVE)	Prezo de remate (sen IVE)	IVE (10%)	Prezo de remate (co IVE)	Axudicatario provisional
1	9662	ES061113519662	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.700,00 €	370,00 €	4.070,00 €	Pena-Guisande, S.C.
2	9669	ES031113519669	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.100,00 €	410,00 €	4.510,00 €	Casa Roke, S.C.
3	9675	ES081113519675	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.100,00 €	310,00 €	3.410,00 €	Carriento, S.C.
4	5974	ES081113815974	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.600,00 €	460,00 €	5.060,00 €	Pena-Guisande, S.C.
5	5986	ES091113815986	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.200,00 €	420,00 €	4.620,00 €	Casa Farroquillo, S.L.
6	5989	ES021113815989	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.700,00 €	470,00 €	5.170,00 €	Pena-Guisande, S.C.
7	5993	ES051113815993	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.200,00 €	420,00 €	4.620,00 €	Pena-Guisande, S.C.
8	6004	ES001113816004	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €				RETIRADA
9	6007	ES031113816007	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €				RETIRADA
10	6012	ES071113816012	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €	Gandeiría Rielo, S.C.
11	6013	ES081113816013	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €				RETIRADA
12	7276	ES021114017276	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.500,00 €	350,00 €	3.850,00 €	Alberto Rielo Fernández
13	7278	ES041114017278	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.200,00 €	420,00 €	4.620,00 €	Gandería López Gallego, S.C.
14	7285	ES001114017285	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.200,00 €	320,00 €	3.520,00 €	Gandeiría Rielo, S.C.
15	7287	ES021114017287	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.500,00 €	350,00 €	3.850,00 €	Carriento, S.C.
16	7292	ES061114017292	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.700,00 €	370,00 €	4.070,00 €	Gandería Iglesias Ferradas, S.C.
17	7293	ES071114017293	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.300,00 €	430,00 €	4.730,00 €	Finca Ferradas, S.C.
18	7295	ES091114017295	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	4.300,00 €	430,00 €	4.730,00 €	Casa Roke, S.C.
19	7298	ES021114017298	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.700,00 €	370,00 €	4.070,00 €	Casa Piñeiro, S.C.
20	7301	ES021114017301	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.600,00 €	360,00 €	3.960,00 €	Carriento, S.C.
21	7304	ES051114017304	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.800,00 €	380,00 €	4.180,00 €	Casa Piñeiro, S.C.
22	7306	ES071114017306	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.800,00 €	380,00 €	4.180,00 €	Gandería Pardo, S.C.
23	7307	ES081114017307	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €				RETIRADA
24	7308	ES091114017308	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.300,00 €	330,00 €	3.630,00 €	Gandería Louzao, S.C.
25	7317	ES071114017317	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €	3.800,00 €	380,00 €	4.180,00 €	Casanova Holstein, S.L.
TOTAL						80.300,00 €	8.030,00 €	88.330,00 €	

A Mesa de Contratación queda enterada das ofertas presentadas ao referido procedemento.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e nove minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

